Public Maire 30

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SANTIAGO

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIII • 19 DE XULLO • 1990

Nº 441 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

F. Carballo: 'O povo galego está a recuperar a confianza en si mesmo'

Presidente, durante moitos anos, da A.C. de Vigo, conferenciante, fundador de meios de comunicación como *Encrucillada, Irimia* ou *A NOSA TERRA*, sendo presidente do Consello de Administración da empresa editora deste semanário, estivo sempre onde se requeria a sua preséncia renunciando a gostos personais en pro dun traballo colectivo, con duas ideas claras e fixas: a de traballar desde a base e a de que non se pode ser libre nun povo que non sexa libre.

(Páx. 11-12-13)

Celbi amplia a produción de celulosa en Figueira de Foz

A transnacional sueca *Stora Kopparbergs Berglags*, accionista maioritária de *Euro-Galicia Forestal*, que ten solicitado ao Governo Central permiso para instalar unha fábrica de pasta *Kraft* en As Pontes, investirá sesenta mil millóns de pesetas en reformas para dobrar a produción da sua fábrica de pasta *Celulose da Beira Industrial, CELBI*, na viciñanza de Figueira da Foz.

(Páx. 7)

A folga frea a política reprivatizadora de Violeta Chamorro

O acordo alcanzado a folga protagonizada por máis de 200 mil traballadores, foi calificado de "realista e pragmático" e serviu para deter a primeira gran ofensiva do governo contra as conquistas revolucionárias.

(Páx. 15)

Romay Beccaria, conselleiro de agricultura, 'No agro galego sobra xente'


É o conselleiro *de moda*. Cara el van as demandas de solución dos problemas do sector lácteo, do cárnico, as protestas pola política forestal, pola implantación de celulosas e a repovoación con eucaliptos.

(Páx. 9)

ESTE É O PRIMEIRO DIA DA PÁTRIA QUE SE CELEBRA NO NOVO CLIMA EUROPEU

A ECLOSIÓN DOS NACIONALISMOS

Os cámbios dos últimos meses abren para o nacionalismo espectativas impensábeis hai só un ano. A eclosión dos nacionalismos no Leste e a perspectiva dunha Europa Unida aproxíman a conceición dunha Europa dos Povos na que Galiza precisa, con urxéncia, verse representada.



LIBROS

Fuxindo do diletantismo

Porta Blindada

Coñecida como poeta, periodista e narradora, Margarita Ledo Andión entrega a sua terceira obra narrativa, **Porta Blindada**. Os seus dous primeiros livros narrativos, ao noso parecer, caracterizaban-se pola sua indefinición, pola insuficiéncia expresiva, pola imposibilidade de conciliar fonde e forma, vida e arte. Quizá era a insuficiéncia expresiva debido a un paroxismo adolescente (narrativamente falando) que a sua linguaxe, a da autora, non soubo dominar. Agora, nesta nova entrega, cinco anos despois da falida *Violeta ou Trasalba e o militar morto*, Margarita Ledo define as suas búsquedas, encontra —a maior parte das veces— a sua expresividade, concília fondo e forma.

A novela divide-se en duas partes. A primeira narra momentos dunha vida, a dunha persoa recluída nun manicómio (persoa que, seica, chegou a ser secretário do Consello da Mocidade). A autora, en segunda persoa ás veces, outras usando da literatura oral e outras técnicas, vai contando a história do seu personaxe: a sua estadía en Buenos Aires, en Barcelona, o manicómio, a nai, o país, a política, a esquizofrénia non só dos personaxes. E alterna estas cenas coas suas reflexións (as da narradora), todo iso encadrado nun país vencido, que se busca e que non sabe que decisión tomar. O resultado é unha primeira parte curiosa, ás veces algo linguareira, nunca falta de interese, moi ben estruturada, onde se usa case á perfeición o "fundido encadenado" ou cámbio rápido de planos. Unha primeira parte onde a A. nos introduce nun universo esquizofrénico, incomunicável a meio dun relato lóxico e cuxa orde (ou desorde) é-nos participada por unha implacábel fidelidade á percepción do personaxe que vive nese universo —e nesta parte da novela, a maior parte dos personaxes, senón todos. De aí que, en certos momentos, a escrita deba ser —como dixo a A. nunha entrevista— esquizofrénia (consciente e consentida...); non habia outra maneira de facer perceber ao leitor o mundo, o universo que se está a narrar.



Margarita Ledo Andión

A segunda parte, texto máis difícil, que necesita dunha entrega e unha participación máis consciente por parte do leitor, non dá respiro. Aquí M. Ledo "mete" todo. Orabén, a novela pode dixerí-lo todo a condición de que sexa concebida como unha novela, non como un veículo todo terreno. E aquí, o conxunto completo, está concebido como unha novela. A técnica é máis depurada que na primeira parte, a meio de diferentes personaxes e de diversos momentos deseña-se a outra persoa, espello en falso do principal personaxe da primeira parte, introducindo-nos nun mundo totalmente diferente, onde os personaxes son verídicos mais carentes de sinceridade: non son literalmente nada, só un monllo de ideas recebidas, de opinións feitas e aceitadas dun ou doutro grupo social; son, en certa maneira, só un vocabulário. E de aí que estes personaxes, ou esa personaxe, só teña unha vida física. [Inciso: lendo esta segunda parte, o principal personaxe dela ía-se-me configurando o mesmo que os "figurantes" dun "belo" anúncio de Limón Kas, onde, cunha moderna música de fondo, nunha barra dunha discoteca vemos un rapaz e unhas rapazas que van tomando as diferentes cores dos focos que percorren o local. Nunca está definido unha cor para un rapaz, é dos diferentes cores, nunca da fusión de todos eles. Aquí, aos personaxes pasa-lles un pouco o mesmo: son configurados a base de lugares comuns, de momentos fúteis, de banalidades supremas. E M. Ledo soubo expresá-lo a meio dunha técnica que é, por ela mesma, metafísica, e dunha escrita "coactiva, na que se unan materiáis, referéncias, tempos, ritmos, xogos analóxicos, bechos inexistentes, tiques de diferentes culturas" por dicé-lo coas suas próprias palavras].

Contodo, ha momentos, sobretodo nesta segunda parte, nos que abusou de certos tiques e "meteu" demasiada cousa (páx. 118, ou as últimas, que habia-se de ver se lle fan un ben ao conxunto da narración ou estragan-a); mais o maior perigo que corre *Porta Blindada* é a dos leitores diletantes, quer dicer, aqueles que non lean unha novela, senon outra cousa, que serán aqueles a quen lles interesará a primeira parte (e lles parecerá que a autora pudo "dicer" máis cousas) e non saberán ver que a segunda é o espello falso ou deformado (ou quizá máis profundo) da primeira.

Margarita Ledo Andión deu, para min, a sua mellor narración até o de agora. Soubo fuxir de diletantismos e do perigo que supuña dar unha visión unilateral e omnisciente dos personaxes sen por iso cair nunha fria obxectividade que non teria dado vida real aos seres que pululan pola novela. □

XESUS GONZÁLEZ GÓMEZ

1) Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1990. 136 páx. 1.100 pta.

ARTE

O futuro das artes

Suzi Gablik é unha moi coñecida e respetada crítica de arte novaiorkiña. Deuse a coñecer internacionalmente, hai xa moitos anos, cando, despois de pasar unha tempada vivindo no domicilio dos Magritte, escribiu o que aínda hoxe é considerado por moitos como o mellor traballo sobre o xenial pintor belga.

Eduardo Subirats, catalán, é profesor de Estética na Universidade de São Paulo. Ultimamente vive de a cabalo entre Brasil e España, onde son frecuentes as súas colaboracións sobre análise estética e filosofía da arte.

¿Por que xuntar estes dous libros destes dous autores, por outra parte con personalidades e posicións nada coincidentes? ¿Por que estas dúas obras que nin sequera pagan o tributo da rigorosa actualidade, xa que as súas edicións orixinais se remontan a antes do ano 1987? Porque constitúen dous dos máis esforzados intentos de diagnostica-lo desconcerto no que hoxe vive o mundo da arte. E porque, por riba das súas diferencias, si coinciden en salientar unha serie de datos básicos que, ó meu parecer, deberían ser xa referencias inexcusables para calquera que queira pensar con rigor sobre a arte dos nosos días e sobre o seu futuro. Son estes:

1. O pulo revolucionario e transformador dos movementos estéticos das avangardas das primeiras décadas do século XX está hoxe definitivamente esgotado.

2. Neste esgotamento xogan un papel fundamental a progresiva integración da producción artística e do mesmo individuo artista nos mecanismos propios do desenvolvemento económico capitalista, e isto en dous sentidos:

a) A incorporación das técnicas da reproducibilidade mecánica transforma radicalmente a concepción da obra artística. A ambigüidade inicial deste fenómeno, tan ben comprendida por Benjamin (a quen Subirats fai continua referencia), dou paso ultimamente a un proceso de banalización comercial da obra de arte que está a anula-los potenciais transgresores e máis dinamizadoras da mesma.

b) O sometemento dos intereses expresivos e creativos á lóxica da circulación de mercancías, que acada a súa expresión explícita, entre cínica e abertamente compracida, en artistas como Andy Warhol ou os arquitectos "post-modernos".

3. A superación da fase actual da arte, tan duramente diagnosticada, pasaría, segundo ámbolos dous autores, pola recuperación do papel da arte como instrumento de compromiso e reflexión cultural e mesmo moral, e do artista como individuo autónomo respecto dos condicionantes económico-comerciais (o que non se debe confundir coa reivindicación do individualismo do artista: para Gablik, por exemplo, é a ultravaloración deste individualismo unha das causas da actual decadencia das artes).

Ata aquí as coincidencias. As diverxencias son moitas, pero interésame atender só as que se refiren ás propostas de saída da situación, é dicir, ás propostas de futuro. Aquí os camiños bifúrcanse notoriamente, e esta bifurcación, na miña opinión, é altamente representativa das grandes opcións entre as que hoxe está obrigado a moverse o pensamento estético (aquel que aspira xustamente a supera-lo marco estricto da análise endogámica, condenada esta a certifica-las marxes inalteradas/bles das modas impostas polos circuitos comerciais).

Suzi Gablik aposta decididamente por reconstruir unha estética de fundamentación trascendental, mesmo con resonancias de carácter abertamente místico-relixioso. Fronte ó desconcerto e desorientación, á falta de criterios, á que nos ten conducido a arte contemporánea co seu extremo relativismo, pide volta-la ollada ó respeto polos valores tradicionais, e non só no plano meramente estético. "Para que floreza a práctica da arte, é necesario que este encarne unhas virtudes. Nas sociedades nas que non se presta valor ás virtudes, é difícil que floreza a práctica da arte", afirma. Non sei cal é a posición que a Gablik terá adoptado nas polémicas sobre a libertade de creación, tan actuais hoxe nos Estados Unidos (lémbrese o caso da exposición antolóxica do fotógrafo Mapplethorpe), pero non hai dúbida que frases como esta son susceptibles dunha utilización na dirección do conservadorismo moral inaugurado polo reaganismo.

A posición de Subirats é menos nidia. A súa é unha obra na que o peso crítico supera en moito ó constructivo, como, por

VIAXES DO VRAN



EN VELEIRO POLOS MARES DE HOLANDA

Unha viaxe de 14 dias que inclúe unha semana de navegación en antigos veleiros, 4 noites de hotel en Amsterdam e transporte en autocar.
Saídas: *5, 9 e 26 de Xullo; 2, 9, 16 e 30 de Agosto.*
Precio: *72.000 pts.*

EN BICI POR HOLANDA

Ruta cicloturista de 13 días por Holanda incluindo a bici, aloxamento en campings, média pensión e transporte en autocar.
Saídas: *1 e 18 de Xullo; 1 e 16 de Agosto; 1 de Septembro.*
Precio: *69.000 pts. en Xullo e Septembro; 74.000 pts. en Agosto.*

TURQUIA: DE ESTAMBUL Á CAPADOCIA

Vó até Estambul e recorrido de 15 dias por Bursa, Efeso, Kusadasi, Egridir, Capadocia, Ankara, Mar Negro. O aloxamento é en hoteis, en habitacións dobles e o transporte en autocar.
Saídas: *29 de Xuño; 13 e 27 de Xullo; 10, 17 e 31 de Agosto.*
Precio: *134.000 pts.*

INDIA CENTRAL, RAJASTHAN E NEPAL

Vinteoito días en autocar, tren e avión para facer unha ruta por Delhi, Puskar, Jaipur, Jaisalmer, Agra, Benarés, Bombay, e en Nepal, Pokhara e Kathmandú. Aloxamento en hoteis.
Saídas: *Tódolos meses de Xullo a Novembro.*
Precio: *226.000 pts.*

PERÚ E BOLIVIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *272.000 pts.*

EXIPTO E XORDANIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *198.000 pts.*

SIRIA E XORDANIA

Saídas: *15 días. De Agosto a Outubro.*
Precio: *183.000 pts.*

INDONESIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: 289.000 pts.

KENIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *285.000 pts.*

FILIPINAS

Saídas: *1 mes. De Agosto a Outubro.*
Precio: *265.000 pts.*

E ademais... Grecia, Yugoslavia, Escandinavia, Arxelia, Marrocos, Senegal-Mali, Pakistán, A Ruta da Seda, Tibet, Australia, Cuba, México-Guatemala, Colombia-Ecuador, trekkings polos Alpes, Ladakh, Annapurnas, Everest, Cordilleira Blanca de Perú.

Solicita o noso Boletín de Viaxes de Verano-90.

añosluz
CLUB DE VIAJEROS

Ronda de Sant Pere, 11. 6° 3a. · 08010-Barcelona · Tlf.: 302 50 81
Ledesma, 7. 1° izqda · 48001-Bilbao · Tlfs.: 424 42 65 · 424 22 15
Rodriguez San Pedro, 2. Of. 1202 · 28015-Madrid · Tlfs.: 445 11 45